

prazo de solicitude aberto ata 17 novembro.

MOBILIDADE EN GRUPO:

Mobilidade en grupo do alumnado. **10 membros do alumnado acudirán á Escola de Segunda Oportunidade de Kalamata (Grecia) para realizar unha estadía de 12 días.**

O alumnado participará nas actividades lectivas e tamén nas que estamos a organizar coa dirección do centro en torno a un proxecto conxunto que está relacionado co coidado do medio ambiente e co patrimonio natural e cultural da zona.

Esta actividade terá lugar fisicamente no mes de **maio de 2024**, pero esperamos comezar **con actividades telemáticas á volta do Nadal**. O alumnado que participe nesta actividade estará acompañado por dúas profesoras da EOI que o pode orientar e axudar durante a súa estadía.

Os fondos da Unión Europea cubrirán a viaxe ata Kalamata, o aloxamento, o almorzo e o seguro de viaxe. Se quedan cartos, cubriremos tamén outras actividades, pero isto non é seguro.

Para poder participar nesta actividade, cómpre que o alumnado teña un nivel A2 de inglés ou superior, pero a mobilidade está aberto á todas as persoas interesadas que cumpran cos requisitos. Descarque [AQUI](#) o documento de solicitude. [Ver baremo](#)

MOBILIDADE DE LARGA DURACIÓN:

Mobilidade de longa duración do alumnado. Trátase da primeira vez que imos ofertar este tipo de mobilidade, que é un pouco máis complexa, xa que a persoa seleccionada integrarase nun grupo ordinario dunha escola de Educación de Persoas Adultas de **Padua (Italia) para realizar estudos de Educación Secundaria durante 3 meses.**

A asistencia á clase é obrigatoria e debe cursar todas as materias que se imparten nese grupo. Aínda que esta persoa contará co apoio da EOI, estará soa en Italia durante un longo período de tempo, polo que cómpre que teña un **nivel de B1 ou superior, aínda que, como no caso anterior, non está restrinxida ao alumnado de italiano, senón aberta á todo o alumnado da escola.**

O financiamento neste caso inclúe a viaxe, o seguro e unha axuda para gastos de aloxamento e manutención. Descarque [AQUI](#) o documento de solicitude. [Ver baremo.](#)

As persoas interesadas, poden achegar as súas solicitudes, xunto coa documentación correspondente, ao enderezo electrónico eoiprojectoseuropeos@gmail.com.

Tamén poden presentar as solicitudes por rexistro na Secretaría (horario de 09.00 a 14:00).